



O Pleno do Consello de Contas de Galicia na súa sesión de 24 de marzo de 2017 tomou o seguinte acordo:

Punto 4º.- Aprobación, se procede, do catálogo de procedementos a incorporar na sede electrónica, e da posta en marcha da mesma.

Vista a proposta de Secretaría Xeral sobre a aprobación do catálogo de procedementos a incorporar na sede electrónica, e da posta en marcha da mesma, acórdase:

1. Dispoñer a posta en marcha da sede electrónica do Consello de Contas de Galicia, que será accesible a través da páxina web principal do Consello de Contas (<http://www.ccontasgalicia.es>), na que constará un enlace claramente visible para o cidadán.
2. Aprobar o catálogo de procedementos xurídicos susceptibles de ser tramitados a través de medios electrónicos co contido que figura no Anexo I a este acordo, que estará situado na páxina da sede electrónica:
 - Presentación de solicitude xenérica
 - Acceso a información pública
 - Comunicacions e denuncias
 - Remisión de contratos (artigo 29 TRLCSP)
 - Remisión de convenios
 - Remisión de documentación solicitada no curso das fiscalizacións (un procedemento por departamento de fiscalización)
3. Establecer que, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o cumprimento dos citados trámites polas persoas xurídicas deba facerse necesariamente por medios electrónicos.
4. A publicación na propia sede electrónica da súa posta en funcionamento.



Anexo que se cita:

ANEXO I. PROCEDEMENTOS

1. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE XENÉRICA

Obxecto

Procedemento telemático para recoller tanto as manifestacións de insatisfacción dos cidadáns coas actuacións do Consello (queixas) como as iniciativas presentadas para a mellora da calidade (suxestións).

Estas queixas non terán en ningún caso a cualificación de recurso administrativo.

A presentación dunha queixa non condiciona o exercicio das accións ou dereitos que, de conformidade coa normativa reguladora de cada procedemento, poida exercitar o interesado.

Institución de tramitación

Consello de Contas de Galicia.

Prazo de presentación

Sen prazo.

Modo de presentación

Electrónica: *Formulario*

Presencial: Se o interesado non utiliza a presentación telemática, poderá descargar este impreso e acudir ao rexistro xeral do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.

Documentación a presentar

A documentación que poderá acompañar a este formulario poderán ser ata 3 arquivos en formato pdf, doc, docx, odt, xls,xlsx, ods, jpg e png, cun tamaño máximo de 2 MB cada un deles.



Normativa de aplicación

- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (LOPD).
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Sinatura Electrónica.

Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co disposto no artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais do solicitante incorporaranse ao ficheiro do Consello de Contas de Galicia denominado "Rexistro". A persoa solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do devandito ficheiro: Secretaría Xeral do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.

2. ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Obxecto

De acordo coa Lei de transparencia e bo goberno, o exercicio do dereito de acceso á información pública concrétase no acceso aos contidos ou documentos que obren en poder do Consello de Contas como consecuencia do exercicio das súas funcións administrativas.

Destinatarios

Tódalas persoas.

Institución de tramitación

Consello de Contas de Galicia. Secretaría Xeral.

Prazo de solicitude

Aberto permanentemente.

Modo de presentación

1. Electrónica: *Formulario*



2. Presencial: se o interesado non utiliza a presentación telemática, poderá descargar este formulario e acudir ao rexistro do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.

Prazo de resolución

As resolucións adoptaranse e serán notificadas no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver, podendo ampliarse por outro mes cando o volume ou complexidade da información solicitada así o xustifique, informando desta circunstancia ao solicitante.

Transcorrido o prazo máximo para resolver sen terse notificada a resolución expresa, a solicitude de acceso entenderase desestimada.

Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Documentación a presentar

Poderá anexar ata 3 documentos que acompañen ao formulario de solicitude nos formatos docx, odt, ou pdf (ata 2MB cada un deles).

Normativa de aplicación

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (LOPD).
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Sinatura Electrónica.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.



Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co disposto no artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais do solicitante incorporaranse ao ficheiro do Consello de Contas de Galicia denominado "Rexistro" e serán tratados coa finalidade da xestión do exercicio do dereito de acceso á información pública. A persoa solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do devandito ficheiro: Secretaría Xeral do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.

3. COMUNICACIÓNS E DENUNCIAS

Obxecto

Poderanse presentar denuncias sobre a existencia de irregularidades na xestión económico-financeira e contable de calquera das entidades que integran o sector público da Comunidade Autónoma de Galicia citadas no artigo 2 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.

Destinatarios

Calquera persoa física ou xurídica.

Institución de tramitación

Consello de Contas de Galicia. Departamento competente por razón da materia afectada.

Prazo de presentación

Aberto permanentemente.

Modo de presentación

1. Electrónica: *Formulario*
2. Presencial: se o interesado non utiliza a presentación telemática, poderá descargar este formulario e acudir ao rexistro xeral do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.



Documentación a presentar

- Documentación xustificativa e evidencias materiais e formais dos feitos denunciados. Poderá anexar ata 3 documentos que acompañen ao formulario de solicitude nos formatos docx, odt, ou pdf (ata 2MB cada un deles).
- Prazo para resolver: tres meses.
- Efectos do silencio: caducidade do procedemento.
- Recursos contra a resolución expresa ou tácita: non recorrible.

Normativa de aplicación

- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.
- Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia.
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (LOPD).
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Sinatura Electrónica.

Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co disposto no artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais do denunciante incorporaranse ao ficheiro do Consello de Contas de Galicia denominado “Comunicacións e denuncias” e serán tratados coa finalidade da xestión e tramitación das denuncias e comunicacións. A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do devandito ficheiro: Secretaría Xeral do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.

4. REMISIÓN DE CONTRATOS

Obxecto

A remisión ao Consello de Contas de Galicia dunha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros nos casos de obras, concesións de obras públicas,



xestión de servizos públicos e contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado; de 450.000 euros tratándose de subministracións; e de 150.000 euros nos de servizos e nos contratos administrativos especiais.

Igualmente, comunicaranse as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, as variacións de prezo e o importe final, a nulidade e a extinción normal ou anormal dos contratos indicados.

Institución de tramitación

Consello de Contas de Galicia.

Suxeitos obrigados

- A Administración xeral da Comunidade Autónoma, e as demais entidades, entes ou organismos autonómicos que de acordo co disposto no artigo 3 de TRLCSP teñan a consideración de administración pública ou poder adxudicador, incluídas as Universidades públicas e as corporacións as que se refire o número 29 do art. 27 do Estatuto de autonomía de Galicia
- As entidades locais da Comunidade Autónoma, así como os organismos autónomos e empresas públicas delas dependentes, que se rexeran aos efectos desta remisión pola Instrución aprobada polo acordo do 22 de febreiro de 2016 do Pleno do Consello de Contas (DOG nº 49, do 7 de marzo de 2016).

Prazo de presentación

Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.

Modo de presentación

1. Para as entidades locais: *acceso á plataforma de rendición de contas.*
2. Resto de entes, organismos e entidades integrantes do sector público: *Formulario.*

Documentación a presentar en PDF

- Copia certificada do documento no que se tivera formalizado o contrato inicial ou as súas modificacións.
- Documentación xustificativa da natureza e extensión das necesidades a atender



- Prego de cláusulas administrativas particulares ou documento que o substitúa
- Proposta de adxudicación e informe de valoración de ofertas, que, no seu caso, se emitira
- Extracto do expediente. (*segundo o modelo contrato inicial pdf*)
- Comunicación ao Consello de Contas das circunstancias posteriores á formalización do contrato (*modelo contrato modif. pdf*)

Normativa de aplicación

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (art. 29).
- Acordo do 22 de febreiro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do sector público local de Galicia (DOG nº 49, do 7 de marzo de 2016).

Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co disposto no artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais das persoas físicas afectadas no seu caso polas fiscalizacións incorporaranse ao ficheiro do Consello de Contas de Galicia denominado "Fiscalización" e serán tratados coa finalidade da xestión do exercicio da función de fiscalización. A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable de devandito ficheiro: Secretaría Xeral do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.

5. REMISIÓN DE CONVENIOS

Obxecto

A remisión ao Consello de Contas de Galicia dunha copia certificada do documento no que se formalice o convenio, acompañada da memoria xustificativa, sempre que os compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros.

Igualmente comunicaranse as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, as variacións de prezo ou dos importes dos compromisos económicos e a extinción dos convenios indicados.



Institución de tramitación

Consello de Contas de Galicia

Suxeitos obrigados

- A Administración xeral da Comunidade Autónoma, os organismos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes e as Universidades públicas
- As entidades locais da Comunidade Autónoma, e os organismos e entidades do sector público local de Galicia, que se rexeran aos efectos desta remisión pola Instrución aprobada polo acordo do Pleno de Consello de Contas de 8 de febreiro de 2017 (DOG número 59, do 24 de marzo de 2017)

Prazo de presentación

Dentro dos tres meses seguintes á formalización do convenio (art. 53.1 da LRXSP).

Modo de presentación

1. Para as entidades locais: *acceso á plataforma de rendición de contas.*
2. Resto de entes, organismos e entidades integrantes do sector público: *Formulario.*

Documentación a presentar

- Copia certificada do documento no que se formalizou o convenio e, de ser o caso, as modificacións posteriores.
- Memoria xustificativa do convenio.
- Datos básicos do convenio (*modelo convenio inicial pdf.*)
- Comunicación ao Consello de Contas das incidencias posteriores á formalización do convenio. (*modelo convenio modif. pdf.*)



Normativa de aplicación

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (artigo 53). Artigos 2 e 23 da Lei 6/1985m 20 24 de xuño do Consello de Contas.
- Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia do 8 de febreiro de 2017 polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Consello de Contas de Galicia dos convenios e da relación anual daqueles formalizados polas entidades do Sector Público Local de Galicia (DOG nº 59 do 24 de marzo de 2017).

Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co disposto no artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais das persoas físicas afectadas no seu caso polas fiscalizacións incorporaranse ao ficheiro do Consello de Contas de Galicia denominado "Fiscalización" e serán tratados coa finalidade da xestión do exercicio da función de fiscalización. A persoa interesada poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable de devandito ficheiro: Secretaría Xeral do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.

6. REMISIÓN DE DOCUMENTACIÓN SOLICITADA NO CURSO DAS FISCALIZACIÓNS. (UN PROCEDEMENTO POS CADA DEPARTAMENTO)

Obxecto

Remisión de documentación polas entidades e persoas a que se refire o artigo 2 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, en cumprimento do deber de subministrar no curso das fiscalizacións cantos datos, estados, documentos, antecedentes ou informes lles solicite o Consello de Contas.

Destinatarios

Toda entidade pública obxecto de fiscalización e toda persoa física ou xurídica, pública ou privada, que reciba requirimento do Consello de toda clase de datos, informes ou antecedentes deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas que sexan necesarios para o exercicio das funcións de fiscalización.



Institución de tramitación

Consello de Contas de Galicia. Departamento de.....

Prazo de presentación

Con carácter xeral, tódalas peticións de documentación ou información que deban remitirse á sede do Consello serán contestadas no prazo máximo de dez días hábiles.

Modo de presentación

Electrónica: *Formulario*

Normativa de aplicación

- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.
- Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia.
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (LOPD).
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Sinatura Electrónica.

Protección de datos de carácter persoal

De conformidade co disposto no artigo 5.1 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais das persoas físicas afectadas no seu caso polas fiscalizacións incorporaranse ao ficheiro do Consello de Contas de Galicia denominado "Fiscalización" e serán tratados coa finalidade da xestión do exercicio da función de fiscalización. A persoa interesada poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable de devandito ficheiro: Secretaría Xeral do Consello de Contas, en Domingo Fontán 7, Santiago de Compostela.